



23 de abril de 2021  
Día mundial do libro

Ler é un agasallo sen cancelas. Ou unha alfaia para levar prendida ollos a dentro, buligando polas tripas; entre as dedas, un formigo. Unha corza a carreira aberta da área de Broca á área de Wernicke. Esa corza intrépida pola selva cerebral. Fulgurante. Intacta. Talvez é ler un diamante de mil caras, un mar sen varandas. Sen dúbida, vén sendo algo así coma unha hucha ou ichavo da fortuna. Ler. Unha transmutación. O don de quen abriu a hucha e segue un rastro de frangullas ou pedriñas. Pedriñas da ventura. O don e a dádiva. Do saber, as frangullas. Ler é de certo unha xiganta, o seu sorriso, a súa gargallada, o seu pranto e a súa fascinación arbórea. Unha area que non escorre entre os dedos, que fica aí, acesa. Aí, prendida na gorxa, na glote, glogloglo... mais non dá impo. Fica. No hemisferio esquerdo, nas esferas enteiras, nas fascias. Felicísima. Unha hucha de doas innumerábeis, aladas. Sen varandas nin cancelas. Porta sen cadeado, xanela sen caravilla, poxigo sen tarabela, eira sen zarrume. Dentro, nos ollos. A corza que volve, de a cabalo da xiganta, buligando, sen martabela que coute, a carreira aberta. Diamantes e frangullas. Todo lle colle no papo. Unha alfaia de agasallo. Glogloglo... Le.

Elvira Ribeiro

# 23 de abril de 2021

# Día mundial do libro

Agradecemos á escritora Elvira Ribeiro o seu texto sobre o libro e a lectura, un agasallo para as Bibliotecas Escolares de Galicia no Día Mundial do Libro e dos Dereitos de Autor/2021.

As imaxes son unha colaboración, así mesmo, de Cristina Nova.



Xacobeo 21-22

galicia

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



23 de abril de 2021  
Día mundial do libro